

Libros

Romeo Dallaire, *“Shake Hands with the devil, the failure of humanity in Rwanda”*, Random House Canada, 2003, 562 páxinas.

O 6 de abril de 1994, logo do “accidente aéreo” que lle custou a vida aos presidentes de Ruanda e Burundi, deu comezo en Ruanda un dos episodios máis trágicos da historia recente. En pouco máis de tres meses, ao redor de 800.000 persoas (maioritariamente da etnia tutsi, aínda que tamén hutus moderados) foron vítimas dun xenocidio, deseñado dende a ala máis radical do goberno hutu de Ruanda e levado a cabo polas milicias interahanwe, a Garda Presidencial e parte das Forzas Armadas Ruandesas, e ao redor dun millón e medio de persoas tiveron que fuxir cara aos países veciños.

Foi un xenocidio perpetrado ante a pasividade dos membros do Consello de Seguridade da ONU e a indiferenza do resto da comunidade internacional, que reaccionou tarde e ineficazmente (operación Turquesa), a pesar dos informes que ía recibindo o Departamento de Mantemento da Paz da ONU (encabezado entón por Kofi Annan) dende a súa misión no terreo (UNAMIR) e que recomendaban unha actuación decidida de cara a deter o xenocidio que estaba a comezar.

Este libro recolle as vivencias do xeneral Romeo Dallaire como xefe da UNAMIR (cuxa misión era a de asistir ás autoridades ruandesas na posta en práctica dos acordos de Arusha de 1993, que puxeran fin a un período de enfrontamento armado entre o Goberno hutu de Habyarimana e a Fronte Patriótica Ruandesa, creada dende o exilio tutsi en Uganda) dende setembro de 1993 ata agosto de 1994; e relata cronoloxicamente, dun xeito preciso e puntual, o que foi “a crónica dun xenocidio anunciado”, deseñado e materializado con absoluta impiedade diante dos representantes dos gobernos occidentais e do Consello de Seguridade (como órgano creador da UNAMIR).

Un xenocidio este, que foi metodicamente preparado (estabelecendo unha “listaxe negra” onde figuraban en primeiro lugar os membros moderados do goberno hutu, e despois o resto da poboación tutsi) e brutalmente executado (involucrando á poboación civil nos asasinatos en masa, e utilizando armas tristemente coñecidas como é o caso dos machetes). Ademais, como o autor pon de manifesto en varias ocasións, foi un xenocidio que se puido evitar e deter a tempo se o Consello de Seguridade seguise as informacións e recomendacións que chegaban dende Ruanda vía UNAMIR, e que dende o primeiro momento alertaban da existencia en Ruanda dunha terceira forza armada (as milicias interahanwe, financiadas e apoiadas dende o interior do goberno hutu), preparada para executar os proxectos xenocidas dos radicais hutus.

As razóns da ineficacia das Nacións Unidas, á hora de cumprir coas súas funcións (Resolución ONU 96/1946: obriga de previr e sancionar actos de xenocidio) e, en consecuencia, as razóns do fracaso da UNAMIR, quedan perfectamente recollidas e explicadas nesta obra escrita polo xeneral Dallaire. De seguido, resumímolas:

En primeiro lugar, Ruanda (antiga colonia de Bélxica) era e é un país pequeno, descoñecido e pobre, situado na conflitiva rexión dos Grandes Lagos, que apenas interesaba en occidente e que pasaba inadvertido para os medios de comunicación de masas. En definitiva, era "un lugar onde había moito que perder e pouco que gañar".

En segundo lugar, os intereses da comunidade internacional estaban naquel momento focalizados na resolución do conflito da ex-Iugoslavia, e isto traducíase nunha concentración de esforzos e medios neste país, así como nunha redución da capacidade material e persoal da ONU á hora de intervir en Ruanda.

En terceiro lugar, os fracasos da ONU (a través das súas operacións de mantemento da paz, OMP's) en Somalia e na ex-Iugoslavia, supuxeran un cuestionamento da propia natureza e funcionalidade das OMP's por parte dos Estados, e xeraran unha enorme reticencia, tamén por parte dos Estados, á hora de prestarlles tropas e cartos ás Nacións Unidas para realizar este tipo de misións, debido principalmente á alta probabilidade de sufrir baixas no seo dos seus continxentes militares.

En cuarto lugar, a propia natureza da UNAMIR é unha razón en si mesma, pois como OMP creada polo Consello de Seguridade no ámbito do "capítulo VI e medio" da Carta das Nacións Unidas, contaba cun mandato limitado (asistencia ao cumprimento dos acordos de Arusha) e ambiguo ao mesmo tempo, e na práctica supuxo un descenso das capacidades operativas da UNAMIR á hora de protexer á poboación civil que estaba a ser literalmente masacrada (non se contaba coa capacidade coercitiva necesaria para cumprir co seu mandato e debíase gardar unha estrita imparcialidade). Unido a todo isto estaba o feito de que as OMP's, ao igual que no caso de UNAMIR, se alimentaban maioritariamente de tropas de países do terceiro mundo que carecían da experiencia e da formación necesarias para cumprir con este tipo de misións, así como dos medios materiais cos que desenvolver as súas funcións. Isto, lóxicamente, limitaba en gran medida as posibilidades de éxito destas operacións.

Finalmente, o autor acusa aos membros permanentes do Consello de Seguridade de egoísmo e racismo, principalmente por negárense a intervir en Ruanda a través das Nacións Unidas malia coñeceren o que alí estaba a suceder (tanto polas informacións que recibían dende a UNAMIR, como polas que lle chegaban a través das súas embaixadas e servizos de intelixencia), dándolle deste xeito as costas á defensa dos máis elementais principios nos que a ONU se inspira e se basea.

En definitiva, trátase dun libro que nos ofrece a probabilidade de coñecer, dende o seu interior e da man do seu responsábel militar, unha das OMP's máis polémicas de cantas se crearon dende os anos cincuenta, tanto polas baixas que sufriu (dez belgas, tres ganeses e un senegalés) como pola natureza dos acontecementos cos

que lle tocou enfrontarse, e ante os cales, desgraciadamente, pouco puido facer. Estamos, por tanto, diante dunha obra que de xeito autobiográfico trata de alertar sobre as limitacións que as OMP's en xeral, e a UNAMIR en particular, teñen que afrontar alí onde son despregadas, debido en gran parte á falta de vontade política por parte dos Estados á hora de facer seus a defensa dos valores e principios que inspiran o sistema das Nacións Unidas.

Carlos Negreira Espasandín.

**Francesc Serra i Massansalvador, "Rusia, la otra potencia europea",
Fundació CIDOB, Barcelona 2005.**

Rusia, *la otra potencia europea*, é unha obra que nace da revisión da tese doutoral de Francesc Serra i Massansalvador, *Identidad y poder: la cohesión del Estado ruso y su relación con la conformación de la Unión Europea como actor internacional*, que foi presentada no 2003 na Universitat Autònoma de Barcelona, e dirixida por Esther Barbé, investigadora do Departamento de Dereito Público e Ciencias Histórico-Xurídicas.

O autor, Francesc Serra i Massansalvador, é profesor de Relacións Internacionais e Política Internacional Europea na UAB e na Fundació Cidob, e membro do Observatorio de Política Exterior Europea do Institut Universitari d'Estudis Europeus. Especializado na área da antiga URSS, na súa reestruturación trala caída do Muro de Berlín, así como na súa interacción coa UE, presenta un coñecemento sobre o tema a tratar que queda máis que demostrado ao longo de toda a súa exposición.

O estudo fai un percorrido polo pasado máis recente de Europa chegando á análise da actualidade e a estimacións de situacións futuras. Son varias as ferramentas e disciplinas das que bota man: un relato histórico que ben podería adxudicárselle á corrente coñecida como Historia do Presente; os conceptos da Ciencia Política que xiran arredor da definición de potencia e as súas variábeis tanxíbeis e intanxíbeis; a análise das relacións entre os diferentes actores na esfera internacional; ou a filosofía política arredor da construción das entidades nacionais.

Dous son os puntos nos que se asenta a Europa que se reflicte nesta obra: a desintegración da URSS e o escenario que se intenta construír no seu lugar por unha banda, e o proceso de construción da Unión Europea pola outra. Ámbalas dúas realidades áchanse inmersas nunha dinámica interconexión que acaba chocando nun interrogante común: onde pór os límites de Europa? Nun momento no que se identifica cada vez máis á UE con Europa, como e onde se sitúa á Federación Rusa?

En aras de enfrontarse a ditos desafíos para a análise académica, o autor acode ao pasado máis recente para interrogalo sobre o futuro próximo. Rusia

como potencia en reestruturación e a UE como entidade en construción atópanse, acabada a Guerra Fría, fronte a fronte, obrigadas a sortear terreos de potencial enfrontamento. A Europa Centro-Leste que rexorde das cinzas da URSS é cobizada dende a UE como o seu eido natural de expansión, mentres que a Federación Rusa –receosa da súa perda de influencia nunha área historicamente na súa órbita– impulsa a creación da Comunidade de Estados Independentes que, a pesar dos moitos intentos, non acaba por consolidarse. A expansión da UE a ditas áreas da ex URSS podería ser fonte de conflito entre ambas potencias europeas pero, no entanto, por mutuo interese, as súas relacións móvense máis no terreo da cooperación que no da confrontación.

As teses do autor céntranse nesta cooperación e debúxannos un escenario europeo no que as dúas realidades en construción se retroalimentan: unha Rusia en proceso de recuperación económica e de consolidación político-social necesita dun recoñecemento exterior que lle axude a manter a súa imaxe internacional e a construír a súa nova identidade política; a UE, pola súa banda, atopa en Rusia un socio comercial importante, que lle subministra a maior parte dos hidrocarburos que precisa e que é fundamental manter estábel para garantir a seguridade nas súas áreas limítrofes.

Todo este enramado de intereses leva á creación dunha rede complexa de lazos económicos, políticos e institucionais, que sitúan as relacións da UE con Rusia a medio camiño entre a integración –vista como improbable polo autor porque suporía unha transformación radical da propia UE– e a veciñanza.

Como potencia *media*, Rusia presenta trazos diferentes aos da UE, o seu poder céntrase na demografía, na capacidade territorial e na súa extensa xeografía, aínda que presenta unha economía dependente e case monoexportadora, cargada de débeda externa. A UE conta cun poder baseado na súa confluencia económica que a pon á cabeza dos mercados, pero aínda lle quedan moitos pasos en materia de cohesión política; e a defensa e seguridade común aínda son proxectos máis da axenda comunitaria. Aquí atópase a clave das relacións Rusia-UE: ante a aparente rivalidade imponse outra realidade, a da complementariedade. Ambas potencias, máis que desafiarse, reafírmanse.

No marco internacional, o autor debuxa un panorama simbolizado por un triángulo de xeometría variábel no que cada vértice (Rusia, UE e EEUU) responde a diferentes estímulos. Durante a década dos noventa, o eixe ruso-estadounidense segue mantendo un clima de tensión nas súas relacións, centradas na seguridade, e coa OTAN e a súa expansión á antiga URSS como campo de batalla. Mentres tanto, o eixe ruso-UE móvese no campo económico e institucional deixando de lado o tema da seguridade, o que lle aforra as tensións esperábeis. Os tres vértices son dinámicos e afástanse ou achéganse segundo o xogo de intereses que prime en cada momento; deste xeito, en momentos de maior distancia ruso-estadounidense, prodúcese unha maior converxencia rusa-comunitaria e viceversa, baile de máscaras no que Rusia ocupa o espazo baleiro da URSS.

En definitiva, neste libro búscase trazar a liña que leva da desestruturación da URSS á construción da Federación Rusa e á súa reubicación no terreo internacional e, sobre todo, no europeo, do que forma parte cun status especial, un ser pero non estar, nas palabras do poeta ruso Pushkin que cita o autor: "un anaco de Europa lonxe de Europa".

Un tema fundamental nos nosos días e que, segundo a súa traxectoria, marcará as directrices futuras tanto da Europa comunitaria como da non comunitaria.

Lara Barros Alfaro.

Carlos Gómez Gil, "Las ONG en España. De la apariencia a la realidad", Catarata-Paz con Dignidad, 2005, 192 páxinas.

O lado máis descoñecido e quizais menos agradable das ONG's, máis alá do seu labor humanitario e os valores positivos engadidos, expónse nesta obra de Gómez Gil que presenta unha análise fóra do común do funcionamento destas organizacións, considerando o seu labor dende as orixes ata os nosos días, baseándose en múltiples estatísticas e centrándose no caso español, que tivo unha peculiar evolución.

A actuación destes axentes sociais neste contexto globalizado foi cobrando nas últimas décadas un protagonismo indiscutible. Son organizacións solidarias, de traballo voluntario, rexidas por un suposto código ético que define a súa intervención humanitaria pero que, ademais, teñen un compoñente económico moi forte (cualificadas xa por algúns coma Terceiro Sector) que as fai verdadeiramente influentes social e politicamente.

En comparación co resto de Europa, as Organizacións Non Governamentais en España teñen uns trazos particulares debido á transformación política e socioeconómica das últimas décadas. Desta maneira, a "xuventude" do fenómeno social en España explícase, orixinariamente, pola chegada tardía da revolución industrial a finais do século XIX, que permitira noutros países europeos a mobilización de sectores proletarios por unha mellora nas condicións de vida.

Neste sentido, tamén influíu o monopolio que posuía a Igrexa católica na intervención social, o cal impedía calquera outra estrutura social alternativa, pero fundamentalmente, no século XX, a causa determinante do atraso en España foi a privación de liberdades durante o período da ditadura, que facía imposible un desenvolvemento social en liberdade, sumindo ao Estado durante corenta anos nun illamento total de cara a Europa e o mundo en xeral, cando os nosos veciños xa tiñan máis que consolidadas estas organizacións.

Respecto á fragilidade organizativa que teñen estas asociacións en España, constata a existencia dun aumento esaxerado do número de ONG's (eclosión sobre

todo na década dos noventa) mentres os movementos participativos tradicionais están nunha profunda crise. Cada vez máis, as ONG's administran orzamentos máis elevados debido á gran competencia existente para a captación de fondos, pero a súa base social non crece proporcionalmente pois o número de socios é bastante escaso e non existe promoción para a participación directa do socio e as súas propostas de iniciativas. Do mesmo xeito, non hai espazos amplos de participación real, senón que hoxe en día, como sinala o autor, o socio dunha ONG vese máis ben coma un xerador da súa cuíta mensual ou anual, para cumprir co requisito legal, que coma un socio participativo na asociación da que forma parte.

Ante este déficit de base, as ONG's buscan o respaldo nunha maior presenza nos medios de comunicación para obter así maior relevancia social, convertendo a solidariedade nun obxecto máis de consumo. Para ben ou para mal, a súa influencia vai innegablemente en aumento e, amparadas polo virtuosismo que as rodea, parece non haber lugar á crítica neste campo, a pesar das múltiples contradicións que van xurdindo na súa estrutura e funcionamento.

De aí a importancia desta obra crítica, avalada por anos de estudo e investigación, que pretende propiciar un debate sobre o papel destes organismos, sen dubida cun peso crecente nesta mundialización acelerada, denunciando o oportunismo de moitas ONG's que se aproveitan da aceptación social que teñen estes organismos para captar os fondos públicos, xa de por si bastante escasos.

Tales contradicións pónense de manifesto á hora de declararse portadoras dunha serie de virtudes para facilitar unha mellor acollida social. Existen as ONG's autoproclamadas **apolíticas**, cando curiosamente o seu financiamento depende de decisións políticas ou, aínda máis, chegando a ser creadas polos mesmos partidos políticos para estender o seu campo de actuación; as ONG's declaradas **independentes**, cando a súa subordinación aos orzamentos públicos é innegable, a pesar do seu empeño en reafirmarse imparciais e independentes. E, chegando aos topes da contrariedade, as ONG's creadas por empresas, incluso transnacionais que, dun xeito paradoxal, defenden o sistema neoliberal (contra o que, en teoría, rivalizan as ONG's) baseado nun estado de mínimos que garante o libre mercado, coas súas implicacións en canto á solidariedade entre os pobos e as persoas, os dereitos fundamentais, o sostemento ambiental e a mesma democracia.

Neste sentido, son as ONG's verdadeiros axentes activos de cambio social, contrarios á expansión deste sistema neoliberal, ou é que se están adaptando ós moldes do capitalismo? Unha profunda reflexión e urxente debate son necesarios para redefinir a actuación destas organizacións, afastándose do simple rol corrector deste sistema inxustamente estruturado e deixando claro o seu papel activo, crítico, de denuncia de desigualdades e con vocación real de transformación social.

Begoña Carrera Ríos.

William A. Callahan, "Contingent States. Greater China and Transnational Relations", University of Minnesota Press, EEUU, 2004.

O autor, William A. Callahan, director do Centro Contemporáneo de Estudos da China da Universidade de Durham, analiza a corrente xeopolítica e a interpretación político-económica do concepto de "Greater China", trazando a súa emerxencia a traveso da análise etnográfica de catro "problemas" no Este de Asia: as disputas no Mar do Sur de China, as relacións sino-coreanas, a retrocesión de Hong Kong e as relacións no estreito con Taiwán.

Do mesmo modo, Callahan amosa como burócratas, magnates, académicos, traballadores e políticos producen a Gran China mediante redes de relacións nos espazos local, rexional, nacional, transnacional e global.

A obra revela como cada un dos problemas provoca novas achegas teóricas que parten de conceptos xerais, como soberanía, democracia e nación-estado. O autor introduce ao lector nunha discusión arredor do concepto da Gran China, confiando con énfase nos principios de Confucio para explicar o comportamento dos líderes chinos así como as relacións de veciñanza con outros países. As Coreas, Xapón e Taiwán son países onde os valores confucianos foron moi apreciados nas súas historias nacionais.

Resulta interesante advertir como eses valores confucianos centenarios aínda son empregados nos nosos días nos debates de carácter politolóxico. Algúns autores que precederon a Callahan afirmaron que a Gran China envolve as economías en expansión de China, Hong Kong e Taiwán e que os contactos culturais, científicos e intelectuais entre a poboación china ampliáronse por Asia. O crecemento do poder económico de China é observado polos países veciños como unha ameaza, a cal exemplifícase mediante os conflitos existentes no estreito de Taiwán.

Taiwán está empregando a súa recén obtida democracia e o milagre económico para intentar converter a parte continental nunha sociedade democrática. Esta é unha ilustración do termo *weiji* (combinación de perigo (*wei*) e oportunidade (*ji*)). Por outra banda, China pretende empregar a fórmula de Hong Kong de "un país, dous sistemas" para integrar a Taiwán na Gran China, incluso mediante o uso da forza se Taiwán declarara a súa independencia.

A vitoria do Partido Democrático Progresista no ano 2000 e 2004 en Taiwán converteu a cuestión da unificación nunha tarefa máis complexa para os líderes chinos. Cando o PDP alcanzou o poder no 2000, a violencia fíxose máis evidente entre as dúas beiras do estreito. O autor fai uso dos principios de Confucio para ofrecer solucións os problemas entre China e os seus veciños. Un deses principios fai mención ás relacións de amizade con outros países. Callahan afirma que o conflito do estreito é simplificado polos estudosos e intelectuais cando estes sinalan que Taiwán é un Estado con éxito en termos de democracia e economía capitalista, que está ameazado por China, ou é China que garda a súa soberanía contra un Taiwán fora de control.

O autor de *Contingent States* centra a súa atención no traballo das relacións entre civilización e barbarismo, aplicando os valores que promove Confucio e describindo a civilización de catro maneiras (nativismo, conquista, conversión e diáspora). Sinala que a China continental ten 5.000 anos de civilización e se o seu ascenso chega a ser un gran poder, este poder será interpretado en termos filosóficos ou das relacións internacionais. O autor afirma que *"o ascenso de China, polo tanto, non se limitará ao seu propio territorio, senón que asumirá as responsabilidades rexionais e globais dunha gran potencia xunto con outras grandes potencias: Estados Unidos, a Unión Europea, Xapón e Rusia"*.

A modo de conclusión, Callahan explica que o conflito do estreito de Taiwán representa una das grandes ameazas de violencia no Este de Asia, con China rexeitando outorgarlles os dereitos como nación soberana e ameazando con resolver o conflito mediante a forza, se fora preciso. Confucio pode ofrecer a solución mediante as relacións de amizade, China e Taiwán deberían recoñecerse cada unha mediante encontros cara a cara. Isto permitiría axudar a definir o concepto de Greater China.

Marola Padín Novas.

Roberto Montoya, "La impunidad imperial. Cómo EEUU legalizó la tortura y 'blindó' ante la justicia a sus militares, agentes y mercenarios"

Un libro de capital importancia para estar ben informado non só do que foi e segue sendo a chamada "guerra contra o terror", senón tamén para ter unha idea da degradación moral, intelectual e humana que a Administración Bush infundi na súa política represiva, contraria a toda garantía de procedemento, verdadeiramente regresiva, impropia dun país occidental nos nosos días.

De entre as moi diversas e complexas informacións que este libro contén, penso que se poderían subliñar as páxinas que nos ilustran sobre os procedementos *legais* para non cumprir a lei, algo que foi planificado ao máis alto nivel e moi coidadosamente preparado polo que entón era conselleiro persoal de Bush, hoxe fiscal xeral, Alberto Gonsales, sen esquecer tampouco ao fiscal Ashcroft, todos eles, xunto con outros, en convivencia con aquel. De maneira que, moi probablemente por ver primeira na historia occidental, se planificou a tortura a tan alto nivel e con tanta meticulosidade, algo que non fixeron, que se saiba, nin Hitler, nin Stalin, nin Franco, que tiñan esbirros menores para eses mesteres. O que, por outra banda, pon de manifesto a importancia que o máis alto cumio da Administración Bush daba á tortura.

Algo de tanta transcendencia está sobradamente probado pola documentación que o autor manexa –os tristemente célebres memorandos de Gonsales propoñendo

que os talibáns non fosen merecentes dos dereitos recoñecidos aos prisioneiros de guerra polas Convencións de Xenebra, ou contribuíndo á redefinición do concepto de tortura ata poder xustificala *legalmente*, ou concluíndo que “baixo as circunstancias actuais, a necesidade de autodefensa pode xustificar métodos de interrogación que poden violar a Sección 2340 A” (do Código Penal dos EEUU), ou, en fin, atribuíndo ao comandante en xefe unha autoridade ilimitada na loita contra o terror á par que se exculpa calquera exceso na autodefensa—, documentación hoxe ben coñecida e que pode ser consultada, ademais, noutro libro excepcional sobre a tortura na guerra contra o terror de Mark Danner, *Torture and Truth*.

Subliñamos ese feito —que a preparación da tortura tivo lugar a tan alto nivel—, pois de aí arrinca todo o que veu despois: Abu Ghraib, Guantánamo, a privatización da guerra, a subcontratación da tortura, os secuestros de sospeitosos en terceiros países para seren torturados noutros que admiten a tortura como práctica habitual, a rede secreta de centros de detención fóra dos EEUU...

Polo demais, quixéramos chamar a atención sobre un capítulo que temos por especialmente esclarecedor, o VII, sobre os mercenarios e a privatización da guerra, onde o autor se refire aos chamados “contratistas”, cuxa existencia se coñeceu polos feitos de Abu Ghraib, onde traballaban máis de 30; e considérase que en Afganistán e Iraq hai, polo menos, un soldado “privado” por cada seis soldados estadounidenses, mercenarios, polo demais, que gañan verdadeiras fortunas. E baixo as siglas PMC (Private Military Contractors) mestúrase un conxunto de poderosas empresas que se ocupan nos máis variados servizos para o Pentágono. Consecuencia primeira de todo isto é que ese persoal non é militar, aínda cando interveña en accións militares, conseguindo as empresas de seguridade para as que traballan que a Administración “blinde” os seus contratos coa finalidade de que non poidan ser xulgados ditos mercenarios por calquera crime o delito que cometan. Ou sexa, que se logrou para eles a impunidad. Paul Bremer confiaba a súa seguridade en Iraq á empresa Blackwater e, en Afganistán, a empresa DynCorp corría coa seguridade de Hamid Karzai. O gran negocio da privatización das Forzas Armadas chegou con Cheney e o *holding* Halliburton, ao que se lle adxudicaron as principais contratas para a reconstrución de Iraq, como agora tamén no caso da de Nova Orleans.

Estes feitos, polo demais, contribúen a explicar as ferreñas negativas dos EEUU a recoñecer á Corte Penal Internacional, pois a ninguén se lle oculta que todos os implicados nestes procedementos represivos, a todos os niveis, e en especial nos niveis superiores, poderían ser xulgados e condenados por crimes de guerra e/ou contra a humanidade. O que, á súa vez, demostra tamén o que tantas veces se ten dito da actual Administración Bush, no sentido de que procura crear un estado de excepción permanente e deixar nas mans do executivo toda a vida política do país. E, por suposto que explican tamén a escasa ou nula devoción do goberno actual pola ONU e, en xeral, por todos os organismos que sexan, ou que xulguen que poidan ser, atrancos ou entretollos para o seu unilateralismo.

En resumo, un libro de moita actualidade e que nos ilustra con moi sólidos fundamentos sobre uns feitos que, sen a menor dúbida, constitúen a maior vergonza do noso tempo.

X.L. Franco Grande.

Georgina Higuera, *"El despertar de Asia"*, Edicións Península, 2005.

Georgina Higuera presenta en *El despertar de Asia*, un estudo no que trata e desenvolve a idea de que este continente vai producir un cambio drástico na orde mundial establecida no 1945, e afondando nos seus desafíos para o poder hexemónico dos Estados Unidos. O lastre da colonización fai que algúns destes países miren cara Occidente para imitar a súa forma de desenvolvemento. Sen embargo, cada vez máis, perciben que despois de estar relegados do plano internacional teñen unha oportunidade para sacar a relucir o seu potencial. O relato do libro vai dende a traxedia do "tsunami" no 2004, a Australia, pasando por China e Taiwán, Xapón, Irán, India, Indonesia e Iraq.

As catástrofes naturais teñen un especial tratamento no comezo do libro, especialmente o "tsunami" asiático. A destrución das casas, construídas con materiais precarios, e da industria pesqueira, deixan aos países afectados nunha situación difícil de resolver. O terremoto de Bam en Irán destruíu milleiros de fogares, pero tamén un enclave creado no século III antes da nosa era, que estaba a ser reconstruído a partir de mediados do século XX. A natureza quixo que Bam, noutro tempo coñecido por ser un remanso de paz, fora completamente arrasado. Higuera ademais lembra o ciclón de Bangladesh de 1991 porque, ao contrario que co tsunami, as noticias foron escasas e as axudas, en consecuencia, moito menores. Os únicos que botaron unha man foron o propio goberno e o exército do país.

China é un país que está a ter unha explosión económica intensa, pero tamén artística, deportiva e no sector da moda. Un auxe que se está a ver favorecido polos investimentos estranxeiros para facer sombra aos seus veciños como Singapur ou Hong Kong. China evoluciona coa construción de infraestruturas que marcan o rumbo do país, e sobre todo, xerando polémica entre os ecoloxistas, con exemplos como a construción da presa máis grande do mundo, a das Tres Gorxas do Yangtsé, para controlar o río e garantir unha maior produción de electricidade que asegure o benestar da crecente poboación chinesa. Sen embargo, a poboación campesiña queda á marxe. O desprazamento migratorio e o contraste campo-cidade son expresións de risco, característicos do país.

Tamén trata o problema de Taiwán, o primeiro inversor de China. Económicamente, Taipei está moi preto da península pero politicamente hai unha distancia bastante considerable entre ambos. Un erro de cálculo político podería levar a unha

guerra. A separación de Taiwán ten varias vertentes: a reunificación con China, manter o *statu quo* (o que desexa a maioría na illa) e a independencia de Taiwán, o que seguramente conlevaría unha intervención militar chinesa no territorio taiwanés. Actualmente estase a vivir un enfrontamento bastante serio despois de varios anos de apertura, por mor da Lei antisecesión aprobada por China en 2005.

Xapón é un Estado marcado pola orografía, os tifóns, os terremotos e, sobre todo, pola cultura ancestral moi arraigada na poboación. Esta cultura fai que as mulleres atópanse nunha situación disimulada pola suposta industrialización ao modo occidental. Sen embargo, a realidade é ben distinta. O estancamento e a crise financeira fixo que os xaponeses estean atravesando unha grande crise de identidade, e a baixa natalidade fai que a pirámide sexa anormal. A situación das mulleres está marcada pola tradición do acoso sexual e a submisión feminina ao home. As barreiras a atravesar para rematar co acoso son a honra da familia e a vergoña do "que dirán".

Irán é outro dos países tratados no libro. A autora relata que os mozos queren escapar da relixión e as estritas normas que impoñen aos Estados Unidos coma o "Gran Satán". A sociedade iraniana estase a "americanizar" a través da televisión e, sobre todo, da proliferación das antenas parabólicas. O fracaso dos aiatolás vese sobre todo no nihilismo e desilusión da poboación; o poder relixioso, que está por riba do Executivo e Lexislativo, non pode conter á grande parte da sociedade que ten como intereses o traballo, a vivenda e unha mellora do nivel de vida.

India ten dúas caras: dunha banda, está o gran nivel educativo das cidades, que permite o asentamento das grandes industrias tecnolóxicas, farmacéuticas e boitecnolóxicas; e doutra, está a división da sociedade en castas e o atraso do campesiñado, a falta de infraestruturas, a escaseza de mulleres polos abortos e infanticidios de nenas, a pobreza nas cidades, etc. O Estado, débil, ten que sobrevivir entre a corrupción, os conflitos étnicos e relixiosos, e o conflito de Caxemira con Paquistán. Grande parte da sociedade india vive baixo a relixión, o inmovilismo, a resignación e a lembranza do pasado. O patriotismo das clases medias, reflectido na música, no cine e na electrónica, non vai unido ó interese político, que erra á hora de mudar aqueles impedimentos.

Indonesia, por outra banda, vive baixo a etiqueta do maior país musulmán do mundo, como se fose unha ameaza ou perigo para o resto da sociedade, sen contar coa súa tolerancia e a vontade democratizadora. Sen embargo, a desestabilización provén máis da corrupción da clase política que do terrorismo. Indonesia pódese describir como a unidade da diversidade: son 17.000 illas con aproximadamente uns trescentos grupos étnicos e catrocentas linguas e dialectos. O nexo que uniu a estas illas foi o desexo de librarse da dominación holandesa. Os conflitos no país proveñen da presenza dunhas guerrillas independentistas nunhas poucas illas periféricas: Timor Oriental e Aceh. A crise asiática de 1997 xuntouse co cambio de réxime, o que fixo aumentar o paro e diminuír os investimentos estranxeiros.

Iraq estivo marcado polas políticas ditatorias, o embargo e agora polos invasores sen escrúpulos. Bagdad é hoxe unha cidade sen lei. Os saqueos, inducidos polo exército estadounidense na súa entrada na capital, a destrución da policía e exército de Sadam, foron erros graves. Durante o embargo, que abateu aos máis débiles, a poboación confiou máis en Sadam que nunca e vivíase nunha certa calma comparada ca situación actual. Neste momento, en Iraq non se está a vivir unha posguerra, senón unha situación de guerra civil na que os exércitos privados e subcontratados polos gobernos teñen total impunidade.

O último país tratado é Australia, o país herdeiro dos presos comúns británicos e carcereiros, algo que se trata de obviar pola "clase branca". Os australianos dispoñen dunhas fortes medidas nas fronteiras fronte os inmigrantes e deixan aos aborixes fora do poder porque non hai cuítas parlamentarias para eles. Ademais, a formación de escuadróns para lanzar ataques preventivos conseguiu a oposición de países veciños como Filipinas, Indonesia, Malaisia e Singapur. Australia, un país que se ve a si mesmo coma o "Occidente do sur", parece ter unha política de limpeza racial encuberta contra os primeiros habitantes da illa e contra os individuos que intentan chegar ao país de países "non occidentais".

Nair Millós Álvarez.